

NOTIFICACIÓN

Expediente	2021018996
Asunto	Notificación do Decreto de aprobación dos campamentos infantís do Concello de Ferrol para o verán 2021

A concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística, aprobou o día 2 de xuño de 2021, a seguinte resolución:

“A Concellería de Muller e Igualdade organiza como en anos anteriores os campamentos urbanos e rurais do verán 2021.

O obxecto dos campamentos é apoiar ás familias na atención aos seus fillos en idade escolar durante os períodos vacacionais ademais de sensibilizar e fomentar un cambio de mentalidade e de valores de acordo co principio de igualdade entre homes e mulleres.

As prazas de campamentos para o verán son as seguintes:

Campamentos rurais:

Xullo: 60

Agosto: 40

Campamentos urbanos:

Xullo: 210

Agosto: 130

Os campamentos rurais levaranse a cabo nas asociacións AVV de Covas e Esmelle e os urbanos nos CEIP de Recimil e Ponzos.

O servizo prestarase de luns a venres, agás festivos, nos seguintes horarios:

- Horario ordinario: De 9:30h a 13:30h
- Horario ampliado: De 8:30h a 14:30h

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello,(Praza de Armas, s/n), en horario de 9:00 h. a 14:00 h., ou en calquera dos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O requisito imprescindible é que o/a menor estea empradoado no Concello de Ferrol, agás os/as menores derivados da Casa de Acollida Municipal.

As solicitudes seguirán unha rigurosa orde de inscrición, e de acordo cos criterios de preferencia que se relacionan a continuación:

Primeiro: Familia monoparental empregado/a ou realizando un curso de formación ocupacional/formación

para o emprego, homologado polo servizo público de emprego.

Segundo: Dous proxenitores ou titores/as legais empregados/as ou realizando un curso de formación ocupacional/formación para o emprego, homologado polo servizo público de emprego.

Terceiro: Un/unha proxenitor/a ou titor/a legal empregado/a ou realizando un curso de formación ocupacional/formación para o emprego, homologado polo servizo público de emprego.

Cuarto: Outras situacións non recollidas nos puntos anteriores que se estudarán con carácter individual.

Cando haxa empates, empregárase o criterio de rigoroso orde de inscrición.

Para documentar as situacións anteriores, solicitarase a seguinte documentación:

- DNI do/a solicitante.
- Solicitude (Anexo I)
- Formulario de saúde (Anexo II)
- Informe da vida laboral completo e actualizado da Tesourería da Seguridade Social de todos os membros da unidade familiar maiores de 18 anos.
- Fotocopia do libro de familia ou documento oficial que acredite a composición da unidade familiar.
- Xustificante de estar realizando un curso de formación ocupacional/formación para o emprego, homologado polo servizo público de emprego.
- Autorización cesión de imaxe e saídas programadas (Anexo III).

O programa está dirixido a menores con idades comprendidas entre os 3 e os 13 anos. Deben ter os 3 anos cumpridos o 1 de xullo e non cumprir os 14 anos antes do 1 de setembro.

O prazo para solicitar a inscrición en ditos campamentos será dende o 7 ao 11 de xuño, ambos incluídos.

Polo exposto, propóñolle a concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística, que adopte o seguinte acordo

Primeiro.- Aprobar a realización dos campamentos rurais e urbanos verán 2021 durante os meses de xullo e agosto.

Segundo.- A aprobación do prazo de inscrición dende o 7 ao 11 de xuño, ambos incluídos.

Terceiro.- Aprobar os criterios que fixan a orde de preferencia para a participación nos campamentos.

Cuarto.- Publicar a presente Resolución no Taboleiro de Editos do Concello de Ferrol e na web municipal. “

A presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa (BOE 14.07.1998). Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

O secretario xeral